

BOLETÍN DE



Como xa sabedes Axuntar constituíuse en agosto de 2021. Nese ano demos a conocer a nosa asociación, que defende a dignidá lingüística del galego que se fala en Asturias, e mantuvemos reuniois con algús cargos políticos de cara a reivindicar os nosos deretos na reforma estatutaria da que entonces se falaba. Comenzamos a andar coa nosa web e tamén puxemos en marcha a nosa biblioteca.

Nel ano 2022 publicamos el *I Informe sobre a lingua del Eo-Navia. Sen fronteiras: galego de Asturias*, que presentamos en Boal e na Veiga.

Nese ano fixemos tamén úa Mesa redonda nun acto dun festival cultural organizado tamén en Boal (*Pitafesta*) e participamos con poemas na iniciativa *Camíos de Versos e Llouxas* da asociación Forum de Boal. Continuamos coa nosa biblioteca, dando pequenos pasos.

En 2023 presentamos a nova web de Axuntar (www.axuntar.eu), e tamos traballando en varios proxectos:

- Proxecto de Fomento da Lectura e Biblioteca de Axuntar. Traballamos nun proxecto de intercambio de libros, colocando úa "casía libreira" nel Llobatín (Eilao).
- Apoio á publicación de literatura en galego de Asturias con úa normativa que respecte el dominio lingüístico.
- Promoción da toponimia e divulgación del patrimonio etnográfico.
- Publicación dun *II Informe lingüístico*.
- Seguimento da aplicación da Carta Europea de Linguas Rexionales e Minoritarias.
- Organización de presentaciois del I e II informes en localidades diversas.
- Solicitú da Asociación prá entrar nel Consello Asesor en Materia Lingüística del Principado e constitución como Servicio de Normalización Lingüística.

BOLETÍN Nº 1
AXUNTAR

Xuño 2023

En conto aos recursos económicos, todo sal das cuotas dos afiliados e das colaboracións dos simpatizantes. Animámosvos a asociarvos aos que inda non sodes socios ou socias ou ben a colaborar e botarnos úa mao pra poder fer máis actividades, -algúas mui necesarias- como carteles informativos, máis folletos divulgativos, compra de libros e outro tipo de materiais; pra realizar concursos literarios: pra comprar máis casías de intercambio de libros...

Xa sabedes: podeades asociarvos entrando na web: www.asociacion@axuntar.eu e domiciliar a cuota ou fer úa transferencia. Ei tedes toda a información.

El estado das contas é este:

CUENTAS AXUNTAR DESDE 1/06/2022 HASTA 31/05/2023	
INGRESOS	820,00
Cuotas 2022	820,00
GASTOS	377,77
Comisiones CAJAMAR	8,87
IONOS Cloud	15,73
Edición libro Grafinco	353,17
SALDO CUENTA A 31/05/2023	442,23

Haxa salú!

